

NORMAS DE USO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE PORTÁTILES

-Reservado a usuarios socios da Biblioteca, maiores de 18 anos e que cumprimenten a solicitude de inscrición no SERVIZO DE PRÉSTAMO DE PORTÁTILES. A sinatura desta solicitude implica a aceptación das condicións de préstamo.

-Os portátiles están dotados con aplicacións ofimáticas de software libre e código aberto.

-Non se prestarán a usuarios con préstamos sobrepasados ou con sancións como en calquera outro préstamo.

-O préstamo farase polo sistema de xestión de Absysnet, en Préstamo en Sala e **ademáis farase unha acta escrita**, reterase o carné da biblioteca mentres teña en préstamo o portátil.

-Como nos préstamos doutros documentos é imprescindible traer o carné da Biblioteca. Lémbrese que o carné é persoal e intransferible polo que se poderá pedir calquera documento complementario que acredite a identidade do usuario. Só se presta un ordenador por usuario.

-Non se permitirá o uso do aparato para gravacións de software ilegal, acceso a informacións en internet de contido pornográfico, violento ou xenófobo.

-O ordenador non poderá saír do recinto da Biblioteca baixo ningún concepto.

-A duración do préstamo é de **1 día como máximo**. Debe devolverse no mesmo mostrador onde se prestou 1 hora antes do peche da Biblioteca. De facelo despois desa hora será sancionado con 1 día sen poder usar o servizo de préstamo en sala ou a domicilio de ningún material da biblioteca.

- **Pasadas as 21.00h, a sanción aumenta a 7 días por cada préstamo** (EX: 1 portátil+1 rato=14 días de sanción)

-O usuario é totalmente responsable do seu equipo e complementos e da súa custodia e coidado durante o periodo de préstamo. Non se poderá manipular o hardware nin o software instalados no ordenador. Deberá ser devolto xunto cos periféricos e compoñentes nas mesmas condicións en que se lle entregou ó lector.

-O usuario comprométese a advertir ao persoal da Biblioteca de calquera desperfecto que se observe no ordenador. Velará en particular para que non sexa utilizado por outra persoa distinta ó solicitante. Por seguridade non deixe o ordenador só na mesa.

-Os portátiles son aparatos delicados e moi sensibles aos golpes. A parte máis delicada e valiosa é a pantalla. Recoméndase ter precaución coa manipulación dos equipos, evitando os golpes ou o peche do equipo con bolígrafos ou outros obxectos no seu interior o que provocaría a rotura da pantalla.

-Os ordenadores préstanse cun alimentador para que o usuario o conecte á rede eléctrica. O préstamo de baterías é absolutamente excepcional. Só se prestarán no caso de que non haxa dispoñible en ningún lugar da biblioteca un posto de lectura con conexión á rede eléctrica.

-A Biblioteca non se fai responsable da perda de información que poidera producirse. O usuario pode gardar a información mediante un USB, mediante a unidade gravadora de DVDs-BLU RAYs ou mediante o correo electrónico.

-Unha vez entregado o ordenador reconfigúrase e restáurase ao estado inicial, iso supón a eliminación do historial de navegación, descargas, documentos gardados no disco duro, infeccións por virus ou posibles modificacións na configuración do sistema. Así mantense a privacidade entre os distintos usuarios do servizo que fixeron uso do equipo e permítese ter sempre en perfectas condicións de uso o software.

Incumprimento das normas

Calquera actuación dos usuarios contraria a estas normas establecidas para o préstamo de ordenadores facultará á Biblioteca a adoptar as seguintes medidas en función da gravidade da infracción:

-Suspensión do servizo de préstamo que afectará tanto ó préstamo de portátiles como doutros documentos da Biblioteca e poderá ser temporal ou indefinida. Faise co mesmo sistema ca o material bibliográfico.

-Despois das 20 h nun día normal ou das 13 h nos sábados : 1 día de suspensión

-Despois das 21 h : 7 días por portátil + 7 días por cada periférico

-Por roubo, destrución ou deterioro irreparable do ordenador ou dos seus accesorios o usuario deberá repoiar o ordenador con outro de similares características, cuxo valor aproximado acordarase coa Biblioteca ou no seu caso a reparación do dano causado. Mentres non se leve a cabo a reposición o usuario estará suspendido do servizo de préstamo de calquera material.